

{ INVITADA ESPECIAL }

## Ludoteca de Nadal en Silleda

Cibrán Canedo

O Concello de Silleda, a través do departamento de Educación que dirixe Ángela Troitiño, organiza nas vacacións de Nadal unha ludoteca, en horario de mañá, para nenos e nenas de 3 a 12 anos de idade. Esta iniciativa, que xa se estrenou ano pasado, busca facilitar a conciliación das familias durante as vacacións. A ludoteca, de luns a venres en horario de 09.00 a 14.00 horas, con-



Ángela Troitiño

tará con actividades en Silleda e na Bandeira, de luns a venres dende o 23 de decembro ao 5 de xaneiro, sendo o centro de actividades o pavillón deportivo César G. Fares en Silleda e o auditorio Manuel Dopazo na Bandeira. O custe deste servizo é de 55 euros (45 euros no caso da asistencia do segundo irmán/á ou sucesivos) O prazo de inscrición ábrese este mesmo martes, día 15.



{ NO HAY DÍA SIN RECLAMACIÓN }

EL PP de Deza y Tabeirós ha presentado cinco enmiendas a los Presupuestos Generales del Estado para 2023 en el que reclaman inversiones en estas comarcas por valor de 5,8 millo-

nes de euros. Entre otras actuaciones reclaman mejoras en viales de Deza y Tabeirós y la bonificación del peaje de la AP-53, según lo expuso el diputado nacional del PP, el estradense Juan Constenla, que estuvo acompañado por la teniente de alcalde de Lalín, Paz Pérez, y el portavoz de esta formación en Silleda, Ignacio Maril. Asimismo criticaron las cifras dadas por el delegado del Gobierno, José Miñones, en su visita a Deza.

**PAISAXE PROTEXIDA.** Augusto Pérez Alberti, catedrático de Xeografía Física da USC, presentou en Coímbra un amplo estudo // Defíneos como un museo de xeofomas de arte natural único e di que merecen ser Lugar de Interese Xeolóxico **TEXTO J. M. Ramos**

# Proxectan a nivel internacional os Penedos de Pasarela e Traba


Os Penedos de Pasarela e Traba, que se estenden polos concellos de Vimianzo e Laxe, foron declarados como Paisaxe Protexida pola Xunta de Galicia en 2009 e, á espera de que se desenvolva o esperado plan de xestión da contorna, a súa magnificencia foi dada a coñecer no último Congreso Internacional de Xeomorfoloxía celebrado en Coímbra (Portugal), no que o catedrático de Xeografía Física da USC, Augusto Pérez Alberti, presentou os resultados dun amplo estudo de campo elaborado este ano.

Un traballo que complementa o estudo que el mesmo elaborara para xustificar a declaración do espazo como Paisaxe Protexida e, a través do cal, puido identificar 92 xeofomas singulares polo seu deseño, aínda que, engade, “a bo seguro que a cantidade é maior”. O seu obxectivo é que este “museo de xeofomas que acadan a categoría de arte natural” poida ser coñecido en todo o mundo, pois como ben comprobou no congreso luso, no que se deron cita os maiores especialistas en xeomorfoloxía, “moi poucos coñecían os Penedos de Traba e Pasarela”. Un descoñecemento que, afirma, é extensible ao ámbito nacional e, mesmo, a nivel máis local, a pesares do bo traballo realizado por entidades como o Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte (Semescom).

Pérez Alberti ten claro que este singular conxunto granítico “é único” pois ningún “ten tanta riqueza xeomorfolóxica como os Penedos de Traba e Pasarela, nos que a natureza modelou animais, persoas e outras formas xeométricas sen que teñamos constancia de que existan e ningún outro sitio”, afirmou.



‘O paiaso triste’, un dos singulares penedos. Foto: A. P. A.



‘O bico’ outra escultura do museo de arte natural. Foto: A. P. A.



Roque Cernadas, pola esquerda, Augusto Pérez Alberti, Moncho Gándara, Xan Fernández Carrera e Xosé María Lema na presentación do estudo na escola de Pasarela, en Vimianzo. Foto: Emilio Roca

Por iso, considera que pola riqueza e variedade de xeofomas, os Penedos “merecen ser un Lugar de Interese Xeolóxico”, unha figura que “axudaría á súa divulgación e resaltaría os seus valores tanto a nivel nacional como internacional”. Con tal fin asegura que, xunto con seu equipo, seguirá traballando para elaborar un artigo que postule e avale a candidatura a tal distinción.

Pérez Alberti resalta ademais que os Penedos de Traba e Pasarela están encadrados nun espazo natural de gran riqueza que, dende cabo Vilán (Camarifas) ata Laxe, acolle as dunas de Trece, as formacións graníticas de Camelle e Arou, o núcleo de Santa Mariña, a lagoa de Traba ou a praia de Soesto, entre outros puntos de interese que “todo unido pode exercer como atracción do ecoturismo, pero hai que dalo a coñecer”, afirma.

Entende que para divulgar este espazo non é necesaria unha forte inversión nin crear grandes centros de interpretación, senón que “aproveitando as novas tecnoloxías se podería facilitar aos visitantes información sobre o conxunto e como se formaron estes magníficos Penedos”. Outro aspecto importante sería acometer a limpeza da contorna

para eliminar a maleza e especies invasoras e facilitar o acceso a todo o espazo, á marxe da ruta que xa sinalizaron os dous concellos.

Pérez Alberti tamén presentou o seu estudo á veciñanza de Pasarela (Vimianzo), nun acto que estivo organizado polo Seminario de Estudos da Costa da Morte, cuxo presidente, Xosé María Lema, coincide co catedrático na importancia de “protexer estas formacións pétreas, que son únicas no mundo, e así o defenden o propio Alberti e outros especialistas como Vidal Romaní, e incluso o australiano Twidale”.

Lema Suárez non se explican “como aínda a Xunta non rexeitou a posibilidade de que se instalen parques eólicos nun espazo tan singular”. Os proxectos, engadiu, deben ir acompañados a “protexer e valorizar os Penedos, algo co que os concellos e a propia veciñanza están dacordo”.